

PROTOCOLO ALUMNADO CLASES NA AULA VIRTUAL IES ILLA DE TAMBO


- O alumnado accederá á videoconferencia usando o **enlace dispoñible na aula virtual da materia** correspondente. Por exemplo, en caso de ter clase de matemáticas ás 10:30 da mañá deberá entrar na aula virtual da materia de matemáticas e premer o enlace de sesión que se atopará alí:



- Ao acceder ao enlace o alumnado deberá rexistrarse co seu **nome e apelidos completos**. Non se poderá empregar alcumes ou abreviaturas. Tamén deberá introducir o seu correo. En caso de non ter correo pode introducir unha dirección ficticia, como a que aparece no exemplo, pero non é recomendable.


A registration form titled 'Introduzca su información'. It has two input fields: the first one contains 'Nombre Apellido1 Apellido2' and the second one contains 'alumno@gmail.com'. Below the fields is a blue button labeled 'Siguiete'.

- Ao inicio da reunión o alumnado **desconectará o son e a cámara** para evitar problemas de conexión asociados e reducir o consumo de datos.




- Unha vez feito isto deberá pulsar **Unirse á reunión**.

- Cando o profesor pregunte algunha cuestión ao alumno, este conectará o audio e a cámara e contestará a cuestión.



- **Despois da intervención desactivará de novo son e cámara pulsando nos mesmos botóns.**
- O incumprimento de calquera destas normas será sancionable polo profesor.
- En caso de querer preguntar algo, o alumno solicitará permiso ao profesor usando a funcionalidade **levantar man.**



- **Cando o profesor lle conceda este permiso** conectará audio e cámara e realizará a cuestión pertinente. **Ao rematar desconectará ambas.**
- En caso de que o **profesor non se dera de conta da solicitude do alumno**, o alumno poderá **conectar o audio para reclamar a atención** do profesor.